



Estudio Aberto #5



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

BASES DA CONVOCATORIA
-Capela de Santa María-

Nacido en 2013 dentro do proxecto global ENREDARTE, "Estudio Aberto" afronta este 2016 unha nova edición de residencias artísticas na Sala de exposicións temporais do Pazo de San Marcos cunha importante novidade: **unha triple vertente creativa nunha triple sede simultánea**. O Pazo San Marcos en Lugo, a Capela de Santa María en Lugo e o Museo Pazo de Tor en Monforte de Lemos serán escenarios para creación contemporánea a partir da experiencia. Este é un proxecto concibido como un espazo para o diálogo directo entre os artistas e artesáns co público, partindo dunha inspiración directa nas coleccións e no patrimonio dos museos da rede.

A Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo consolida e amplía o seu **compromiso** coa creación artística e coa artesanía contempoénas, ofrecendo esta vez tres espazos expositivos a artistas de diferentes disciplinas (pintura, escultura, debuxo, instalación, fotografía, videocreación,...), ademáis de artesáns e deseñadores (xoiaría, alfarería, moda, cerámica, madeira, forxa...) procedentes de todo o mundo, para que durante unha semana convertan estes espazos nun **estudio aberto**, para compartir e para crear diante dos visitantes, en diálogo directo con eles e cos outros creadores seleccionados.

Esta iniciativa desenvolverase a modo de residencia dende o venres 5 ao xoves 11 de agosto de 2016, concluíndo nunha triple exposición que se inaugurarán o venres 12, prolongándose ata o mércores 31.

...

1.- PARTICIPANTES:

Poden concorrer a esta convocatoria todos os artístas e deseñadores que o desexen, sen exclusións por motivos de idade ou procedencia.

2.- DISCIPLINAS:

As prazas convocadas para esta sede serán 4, tratando de seleccionar un grupo heteroxénero en canto a disciplinas: coiro, ebanistería, cestería, cantería, alfarería, madeira, ferrería, xolería, tornería, cerámica, deseño gráfico ou deseño téxtil.

2.- PROXECTO A REALIZAR:

Ao igual que en "Estudio Aberto 4" no Pazo San Marcos, na sección de artesanía nesta 5ª edición propónse tamén ao creador un reto creativo. O punto de partida será distinto para os 4 artesáns: terán unha experiencia inicial diversa nos diferentes museos da Rede (1 creador/a no Museo Provincial de Lugo, 1 creador/a no Museo Pazo de Tor en Monforte de Lemos, 1 creador/a no Museo Provincial do Mar en San Cibrao e 1 creador/a no Museo Etnográfico de San Paio de Narla). O xurado seleccionará aos artesáns e o seu destino inicial segundo os seus procesos creativos, así como temáticas e conceptos que teñan traballado. Este primeiro día, cada creador terá que coñecer, recadar información, investigar as coleccións, recoller impresións, para utilizar este día de experiencia única como punto de partida da súa obra. As fotografías que tome da súa experiencia tamén formarán parte dun arquivo documental que será exhibido na exposición e no catálogo. Ao día seguinte xuntaránse os catro na Capela de Santa María de Lugo para comezar a crear as pezas nun espazo-estudio compartido.

-O artesán ou deseñador realizará un proxecto inédito que deberá adecuarse aos prazos da residencia, podendo efectuarse en 5 días de traballo. A temática, formato e técnica serán libres, mantendo sempre o respecto polo espazo e polos outros creadores.

-Trátase de interaccionar co espazo, contexto, patrimonio e coleccións. O artistas poderán incorporar a participación do público, en calquera modalidade: aportación de obxectos, historias, materiais ou obradoiros de creación ou colaboración colectiva. Segundo os casos, poderánse abrir convocatorias específicas de participación.

-Ademáis, os artesáns terán unha visita dos nenos do Clube Pequeamigos do Museo Provincial de Lugo, podendo aproveitar a ocasión, se os proxectos o precisasen, para colaborar cos cativos e cativas, con algunha actividade didáctica colaborativa.

3. - SOLICITUDE:

Os participantes deberán enviar a súa solicitude, xunto co resto da documentación requirida, en formato dixital, antes das 14.00 horas do 24 de xuño, ao seguinte correo electrónico: xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

4. - DOCUMENTACIÓN:

- Dossier de obra recente (máximo 10 páx.)
- CV artístico (máximo 2 páx.)
- Breve explicación conceptual da obra/do traballo/da traxectoria (máximo 1 páx.)
- Fotocopia do DNI
- Solicitude debidamente cuberta.

5.- RESOLUCIÓN:

A resolución coa relación dos/das artistas seleccionados, farase pública o día 30 de xuño na páxina web do Museo Provincial de Lugo (<http://www.museolugo.org>) e no blog do Proxecto Enredarte (<http://enredarteredemuseistica.wordpress.com/>). Aos artistas seleccionados seralles notificada a dita resolución por teléfono e/ou correo electrónico.

6. RESIDENCIA E EXPOSICIÓN:

A residencia levarase a cabo do 5 ao 11 de agosto de 2016.

A exposición das pezas resultantes desenvolverase do 12 ao 31 de agosto de 2016.

7.- DEREITOS E DEBERES:

A REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO NON SE FAI RESPONSABLE:

- dos gastos de materiais, medios e ferramentas necesarios para realizar as obras polas cales os artistas foron seleccionados; así como tampouco dos gastos da montaxe, desmontaxe e transporte das citadas obras.
- dos gastos de aloxamento e manutención dos artistas participantes, así como tampouco dos seus traslados (excepto os desprazamentos entre os museos da Rede que se contemplan no programa).
- dos danos ou faltas que poidan xurdir nas obras e nos medios e materiais utilizados polos artistas durante o proceso de traballo.

A REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO:

- colaborará con cada proxecto seleccionado aportando 300 euros + IVE en concepto de produción.
- poñerá á disposición do artista os planos ou parámetros técnicos dos ditos espazos, que poderán visitar, aviso previo, se o considerasen necesario.
- comprométese á elaboración do correspondente catálogo dos proxectos participantes.

As obras realizadas na convocatoria serán propiedade dos creadores, polo que unha vez finalizada a mostra estes disporán de 20 días para retiralas.

8.- XURADO:

- O xurado estará formado por expertos do mundo da artesanía e deseño e membros da Rede Museística Provincial, sendo publicada a relación de nomes xunto coa resolución da convocatoria.
- O xurado valorará a calidade os artistas, a súa versatilidade e a súa adecuación ós obxectivos definidos nesta convocatoria.

9.- ACEPTACIÓN RESPONSABLE:

- A persoa que solicita a participación nesta convocatoria deberá declarar que os datos que achega son veraces e que acepta todos os puntos presentes nesta, comprometéndose a levar a cabo os ditos puntos e respectar os prazos estipulados.
- Para calquera información adicional, pode deixar as súas consultas no e-mail <xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org> ou no tfno. 982 242 112.

10.- RENUNCIA:

- A participación nesta convocatoria de "Estudio Aberto 5" supón a aceptación das presentes bases, as resolucións que o xurado e a organización consideren oportunas e a renuncia a calquera tipo de reclamación.

EstudioAberto#5

· SOLICITUDE ·

Capela de Santa María

APELIDOS / NOME _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

DIRECCIÓN POSTAL _____

TELÉFONO(S) CONTACTO _____

E-MAIL _____

1.-DISCIPLINA:

- Coiro Ebanistería Cestería Cantería Alfarería Madeira Ferrería
 Xoería Tornería Cerámica Deseño gráfico Deseño Téxtil Outros _____

2.-DECLARACIÓNS:

- Acepto as bases, as resolucións que o xurado e a organización consideren oportunas e renuncio a calquera tipo de reclamación
- Declaro que a información e documentación adxunta a esta solicitude é veraz.

Asignado:

en _____, a _____ de _____ de 2016



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO